



Agrupación Cultural O Facho

Apartado de Correos, nº 46 O.P.

A Coruña

o_facho_a_cultural@yahoo.com.br

Premios Literarios da Agrupación Cultural O Facho 2024 Poesía e Teatro Infantil

A seguir detállase polo miúdo a resolución dos concursos anuais de poesía e teatro da Agrupación Cultural O Facho:

Concurso de Teatro Infantil O Facho 2024

- **Obra gañadora:** *Xoguetes e brinquedos*
Autora: Raquel Castro Martínez

O xurado, composto por **Manuel Lourenzo**, **Carmen Martínez** e **Diana Varela Puñal**, valorou na peza teatral a adecuación ao público ao que vai dirixida, a súa estrutura, cunha proposta nunha *constructio* acaída, a calidade da lingua empregada, os toques futuristas e filosóficos que a dotan de modernidade e a súa estética fermosa fóra de tópicos, entre outras calidades.

Raquel Castro Martínez, licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, é unha profesora e escritora galega nada en Alxén (Salvaterra de Miño). Profesora de Lingua Galega e Literatura en educación secundaria. Fundou en 1999 a Asociación Teatral de Alxén, da que é presidenta e comezou a dirixir o grupo de teatro Ata Sempre de Alxén de dita asociación. Escribe as pezas dos dous grupos que pertencen á asociación, infantil e adultos. No IES Ribeira do Louro, onde traballa, coordina o Premio Roberto Vidal Bolaño de Teatro que se convoca

en colaboración coa Editorial Galaxia e o Concello do Porriño. Neste mesmo centro coordina un grupo de teatro de alumnado da ESO.

Obra publicada:

Teatro

Entre fadas e lobos andamos todos (Meubook, 2013), *Nunca nevou que non escampase* (Meubook, 2012), *A meiga e o emperador* (Fervenza, 2015), *A vendedora de palabras* (Fervenza, 2015), *As terapias da doutora Leticia* (Galaxia, 2016), *A princesa e o labrego* (Fervenza, 2017), *A formiga fóra do carreiro* (Galaxia, 2018), *Dormente* (Galaxia, 2021), *Planeta Bugallo* (Galaxia, 2022).

Narrativa

Bestiario doméstico (Galaxia, 2017), *Nº atómico 74* (Fervenza, 2017), *Sobremesas sobre versos* (Galaxia, 2023)

Obtivo o **Premio Simbad de Literatura infantil para o Recordo e o Alzheimer en 2022**, gañadora no **VI Torneo de Dramaturxia da MITCF de Cangas en 2022**, **Lista OEPLI 2022, 2021, 2019**, **Premio de Honra no premio Estornela de Teatro 2014**, **Premio de relato curto Francisco Fernández del Riego 1997**, **Premio Igualando a lingua de relato curto do Concello de Cee 2014**, entre outros.

Concurso de Poesía O Facho 2024

- **Obra gañadora: *A voz das anemones***
Autor: Esteban Sanesteban Beceiro

O xurado, composto por **Xulio López Valcárcel**, **Henrique Sánchez Rodríguez** e **Fernando Díaz-Castroverde**, valorou as súas calidades poéticas, o crebacabezas estrutural con versos atinados, a orixinalidade dos textos, as subxacentes historias de temática variada e a lectura existencial, entre outros.

Nota. O xurado quere facer mención tamén á obra presentada ao concurso *Aos quatro ventos. Poética de fronteira 2018-2023*, que, se ben non resultou gañadora, ten os seus valores literarios e anima ao seu autor/a a seguir escribindo.

Esteban Sanesteban Beceiro, neurólogo de profesión, naceu en Ferrol hai 33 anos e estudou no IES Concepción Arenal desta cidade. Despois licenciouse en Medicina na Universidade Autónoma de Barcelona, realizou o seu doutoramento na Universidade de Heidelberg na Alemaña e especializouse en Neuroloxía en Madrid, cidade en que traballa actualmente como neurólogo.

Asdo. Henrique Sánchez Rodríguez

Agrupación Cultural O Facho

A Coruña, 15 de maio de 2024